



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

BORRADOR ACTA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- CASA CONSISTORIAL, LUNS 2 DE ABRIL DE 2018 -

No día de hoxe, ás 13:30 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

PRESIDE:

MARIA JESUS NOVO GOMEZ

ASISTEN:

PP

LUIS RICO VERA

Non Adscrito

JOSE BALADO CASAL

AUSENCIAS:

ELISARDO MONTERO CASTRO

SECRETARIA / INTERVENTORA:

REBECA VAZQUEZ VAZQUEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA.

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ás actas das sesións realizadas en data 26/01/2018 e 22/02/2018 e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1.- ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA DE VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA COMUNICANDO A CANTIDADE QUE LLE CORRESPONDE A ESTE CONCELLO PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO XULGADO DO PAZ

Pola secretaria dáse conta do escrito da Dirección Xeral de Xustiza, con rexistro de entrada neste concello co número 417 en data 05/03/2018, no que comunica que lle corresponde a este Concello a cantidade de 1.597,05 €uros destinada a atender os gastos de funcionamento do Xulgado do Paz.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.2.- ESCRITO DA CONSELLEIRA DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL ACOMPAÑADO DE DÍPTICO SOBRE DISTANCIAS DE PLANTACIÓN E MANTEMENTO DE BIOMASA

Pola secretaria dáse conta do escrito da Conselleira do Medio Rural, con rexistro de entrada neste concello co número 418 en data 05/03/2018 acompañado de díptico sobre distancias de plantación e mantemento de biomasa



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.3.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA APROBACIÓN PAGAMENTO DAS ACTUACIÓNS ADXUDICADAS AOS CONCELLOS NO PROGRAMA DA REDE CULTURAL 2017

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática da Presidencia da Deputación Provincial, con rexistro de entrada neste concello co número 473, en data 09/03/2018, na que se resolve a aprobación da xustificación da realización dos espectáculos adxudicados a este concello no programa da Rede Cultural 2017 e aboar a achega da Deputación por importe de 1.022,25 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.4.- RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN DE AUGAS DE GALICIA AUTORIZANDO AS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN DEPÓSITO DE AUGA PARA A EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS.

Pola secretaria dáse conta da resolución de data 9 de marzo de 2018 da dirección de Augas de Galicia, con rexistro de entrada neste concello co número 531 en data 16/03/2018, na que se resolve autorizar á Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural para a construción dun depósito de auga para a extinción de incendios forestais, na parcela de referencia catastral 15010A502001790000JR, entre os lugares de Ciocende, Romelas e Vila, na parroquia de Mercurín.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.5.- RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL POLA QUE SE AUTORIZA A REALIZACIÓN DUNHA INTERVENCIÓN ARQUEOLÓXICA NO FORNO ROMANO DE CHOSA DA PONTE (BOIMORTO, A CORUÑA)

Pola secretaria dáse conta da resolución de data 8 de marzo de 2018 da dirección de xeral do Patrimonio Cultural, con rexistro de entrada neste concello co número 532 en data 16/03/2018, pola que se autoriza ó arqueólogo Roberto Bartolomé Abraira para a realización dunha intervención arqueolóxica no forno romano de Chousa da Ponte (Boimorto, A Coruña), que se clasifica como actividade de conservación e revalorización do patrimonio. O tempo de execución será de 13 días.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.6.- ESCRITO DO SERVIZO DE INSPECCIÓN DE MAIORES, DISCAPACIDADE E DEPENDENCIA DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL COMUNICANDO INCIDENCIAS NA DOCUMENTACIÓN ENVIADA POR PARTE DESTE CONCELLO PARA EMENDA DAS DEFICIENCIAS ATOPADAS NA VISITA DE INSPECCIÓN DE DATA 15/02/2018

Pola secretaria dáse conta da escrito do Servizo de Inspección de Maiores, Discapacidade e Dependencia, con rexistro de entrada neste concello co número 533 en data 16/03/2018, no que comunica as incidencias observadas na documentación enviada polo concello para emenda das deficiencias atopadas na visita de inspección de data 15/02/2018, con motivo da solicitude da posta en funcionamento de actividade da ampliación da residencia, dispoñendo dun prazo dun mes para a acreditación documental da corrección das referidas incidencias. Di a alcaldesa que xa está resolto.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

2.7.- INFORME DO SERVIZO DE ARQUEOLOXÍA DA SUBDIRECCIÓN XERAL DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS DO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO DE CHOUSA DA PONTE (BOIMORTO, A CORUÑA)

Pola secretaria dáse conta do informe do Servizo de Arqueoloxía da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais de data 12 de marzo de 2018, con rexistro de entrada neste concello co número 593 en data 21/03/2018, sobre a localización xeográfica do xacemento arqueolóxico de Chousa da Ponte (Boimorto, A Coruña). Di a alcaldesa que hai que modificar o plan.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.8.- ESCRITO DO LETRADO-ASESOR XURÍDICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL COMUNICANDO QUE CON DATA 22/03/2018 FOILLE NOTIFICADA A SENTENZA DE 22/03/2018 DO T.S.X. GALICIA NO PROCEDIMENTO ORDINARIO 7165/2015

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido do letrado da Deputación Provincial, así como a sentenza de ata 22/03/2018 recaída no procedemento ordinario 7165/2015, dita polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Sección 3, con rexistro de entrada neste concello co nº 602 en data 22/03/2018, no que se acorda "Estimamos el recurso contencioso-administrativo presentado por CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA) contra la Resolución desestimatoria de recurso de reposición 12-3-15 contra otra de 23-1-15 que desestima resolución que minor a Agrupación de Municipios para Proyecto de aforro e eficiencia enerxética reafirmados a la Renovación de Instalaciones de Iluminación Pública (ILE), que declaramos no conforme a derecho, y en su virtud, ordenamos a la Administración demandada a que abone al Ayuntamiento actor la suma de los 37.731,93 euros correspondientes a la subvención injustificadamente denegada, más los intereses legales correspondientes desde la fecha de la primera resolución denegatoria, el 23 de enero de 2015.

Notifíquese a las partes haciéndole saber que la misma no es firme, y que contra ella, se podrá interponer recurso de casación establecido en el art. 86 y ss de la Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa, ... con observancia de los requisitos y dentro del plazo que en él se señala...".

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan trasladar ao departamento de contabilidade este escrito aos efectos oportunos.

3.- SOLICITUDE BAIXA NO SUBMINISTRO DE AUGA EN VISTA ALEGRE Nº 12 BAIXO DE BOMIL

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 499, con data 13/03/2018 presentada por D. Manuel García Novo con DNI 33133618W, con domicilio a efectos de notificación en Lg. Vista Alegre nº 12, Boimil, 15817 Boimorto, na que solicita a baixa da conexión do servizo de subministro de auga potable e do contador correspondente ao inmovible sito no lugar de Vista Alegre, 12-Baixo, parroquia de Boimil, deste termo municipal.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora da taxa de rede de abastecemento de auga.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Dar de baixa o recibo e contador de auga número 656087 que figura a nome de D.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Manuel Novo García, correspondente ao inmoble sito no lugar de Vista Alegre nº 12-Baixo da parroquia de Boimil, na elaboración do padrón fiscal correspondente ao primeiro trimestre do exercicio 2018.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e ao encargado de servizos municipais para que proceda ao corte de subministro de auga do inmoble sito no lugar de Vista Alegre nº 12-Baixo, parroquia de Boimil, deste termo municipal.

4.- MANIFESTACIÓN DE CONFORMIDADE CON CONDICIONANTES EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. PARA A OBRA DE AMPLIACIÓN DE POTENCIA DE CT 15AGD2 PARAVICO

Visto o escrito con número de rexistro de entrada neste Concello 279 en data 12/02/2018 da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, no que solicita en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 24/2013, do 26 de decembro do sector eléctrico, o artigo 127 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica e a Resolución do 19 de febreiro de 2014, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción, de acordo co previsto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, que se preste a súa conformidade ou oposición e de ser o caso condicionantes técnicos para modificación das obras de Unión Fenosa Distribución, S.A. Ampliación de potencia de CT 15AGD2 Paravico expediente nº IN407A 2018/015-1.

Visto o expediente tramitado, e o informe dos servizos técnicos municipais de data 20/02/2018 asinado por D. Manuel Carro López, así como sinalando a secretaria que tratándose de proxectos de instalacións de produción, transporte e distribución de enerxía eléctrica o artigo 124 do Real Decreto 1955/2000 de 1 de decembro polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica esixe previamente sexan sometidos a avaliación de impacto ambiental.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Manifestar ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a súa conformidade en relación coa execución en Boimorto das obras de Unión Fenosa Distribución Ampliación de potencia de CT 15AGD2 Paravico expediente IN407A 2018/015-1.

.- Segundo o artigo 124 do Real Decreto 1955/2000 de 1 de decembro polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica esixe que previamente o proxecto sexa sometido a avaliación de impacto ambiental de ser necesario pola lexislación vixente.

.- Antes do título habilitante de natureza urbanística terá que estar aprobado o proxecto pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa remitida á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

5.- COMUNICACIÓN PREVIA INICIO DE ACTIVIDADE GRANXA DE GALIÑAS PRODUTORAS



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

DE OVOS ECOLÓXICOS SITA NO LUGAR DE BOIDO, PARROQUIA DE BOIMORTO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. FRANCISCO JAVIER PARRADO LOUZAO

Examinada a documentación de inicio de actividade (CP-001) presentada por D. Francisco Javier Parrado Louzao, NIF 79326401E e domicilio a efectos de notificacións en rúa Rosalía de Castro, 10 3º H 15800 Melide, solicitude con rexistro de entrada no concello co nº. 2.956 en data 15/12/2017 para o exercicio da actividade de granxa de galiñas produtoras de ovos ecolóxicos en parcela con referencia catastral 15010A020002820000KR do lugar de Boido da parroquia de Boimorto, adxuntando o certificado final de obra asinado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Rafael Señorís González, colexiado nº 769.

Tendo en conta que na tramitación do expediente se incorporou o informe preceptivo de comprobación asinado en data 20/02/2018 polos servizos técnicos municipais de D. Manuel Carro López conforme ao disposto nos artigos 55, 56 e 57 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Considerar comprobado o cumprimento dos requisitos legais para inicio de actividade de granxa de galiñas produtoras de ovos ecolóxicos en parcela con referencia catastral 15010A020002820000KR do lugar de Boido da parroquia de Boimorto a D. Francisco Javier Parrado Louzao ao considerar completa a documentación presentada, debendo axustarse en todo momento ás medidas correctoras recollidas na documentación aportada, así como ás medidas correctoras impostas polo servizo de calidade e avaliación ambiental na resolución de data 28/08/2017. Expediente CO/2017/055

SEGUNDO.- O titular do título habilitante da autorización está obrigado a informar ao Concello de calquer cambio relativo ás condicións da licenza e ás características ou funcionamento da actividade.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación tributaria en concepto de taxa por inicio de actividade de conformidade co establecido no artigo 6º da Ordenanza fiscal nº 5, reguladora da taxa pola licenza de apertura de establecementos:

Base imponible a razón de superficie do establecemento en m2 de local: 1.863,94 m2

Tipo de solo: rústico

Tarifa: 1,00 €uros/m2.

Importe: 1.863,94 €uros

CUARTO.- A presente acordo queda condicionado ao pago da correspondente taxa sin cuio requisito non terá validez nin efecto.

QUINTO.- Notificar o presente acordo a D. Francisco Javier Parrado Louzao indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

6.- COMUNICACIÓN PREVIA OBRAS MENORES DE REHABILITACIÓN CUBERTA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NO LUGAR DE VISTA ALEGRE Nº 10 (BOIMIL)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 15 de setembro de 2017 (RE núm. 408) coas seguintes características:

Datos do solicitante:

Nome e apelidos:	Susana Blanco Balado
DNI:	46912607J
Domicilio:	Lg. Vista Alegre nº 10 - Boimil - Boimorto

Datos de obra:

Obxecto:	Colocación de tella cerámica curva sobre a estrutura existente e reparación de cheminea.
Situación:	Lg. Vista Alegre nº 10 - Boimil
Referencia catastral:	15010A022004960001LR
Orzamento de execución:	2.400,00 €uros
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa ordenanza de núcleo orixinario disperso, estando na zona de afección da estrada AC-234
Autorización sectoriais:	Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 30/03/2018 autorizando as obras (expediente núm. 2016/1535 CNC) Resolución da Axencia Galega de Infraestruturas de 08/02/2017 (expediente núm. IF206B 2017/4)
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López de data 19 de marzo de 2018.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento á resolución do 30/03/2018 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as condicións particulares e condicións xerais da resolución do 08/02/2017 da Axencia Galega de Infraestruturas.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ella, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 2.400,00 €uros

Liquidación 2%: 48,00 €uros.

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dna. Susana Blanco Balado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

7.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE PECHE PERIMETRAL CON TUIAS NO LUGAR DE CASANOVA (ARCEO)

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 19 de febreiro de 2018 (RE núm. 315) coas seguintes características:

Datos do solicitante:

Nome e apelidos:	Dna. María Irene Ponte Cabanas
DNI:	32417954Y
Domicilio:	C/ Emilio González López nº 62 15030 A Coruña

Datos de obra:

Obxecto:	Cerramento do fronte da finca, cunha lonxitude aproximada de 90 m, con vexetación a base de tuias.
Situación:	Lg. Casanova - Arceo
Referencia catastral:	15010A507002660001KJ
Orzamento de execución:	616,00 €uros.
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo, afectando á estrada da Deputación DP-1004
Autorizacións sectoriais:	Resolución da Deputación Provincial de data 5 de xuño de 2017 (expediente 2017000010283)
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López de data 7 de marzo de 2018)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobado en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014,



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

publicada no BOP nº 144 de 31/07/2017, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento á resolución do 05/06/2017 do servizo de obras e vías da Deputación Provincial.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 616,00 €uros

Liquidación 2%: 12,32 €uros.

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dna. María Irene Ponte Cabanas indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

8.- COMUNICACIÓN PREVIA INICIO DE ACTIVIDADE AMPLIACIÓN E MELLORA DE EXPLOTACIÓN DE GANDO VACÚN DE LEITE SITA NO LUGAR DE LIÑEIRO, PARROQUIA DE ÁNxeLES, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. JOSÉ LUÍS LÓPEZ GAREA

Examinada a documentación de inicio de actividade (CP-001) presentada por D. José Luís López Garea, NIF 76517865Q e domicilio a efectos de notificacións en Lg. Liñeiro núm. 6, parroquia de Ánxles, 15816 Boimorto, solicitude con rexistro de entrada no concello co nº. 2.462 en data 30/10/2017 para o exercicio da actividade de explotación gando vacún de leite en parcela con referencia catastral 15010A506001440001KG do lugar de Liñeiro da parroquia de Ánxles, adxuntando o certificado final de obra asinado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Rafael Señarís González, colexiado nº 769.

Tendo en conta que na tramitación do expediente se incorporou o informe preceptivo de comprobación asinado en data 19/03/2018 polos servizos técnicos municipais de D. Manuel Carro López conforme ao disposto nos artigos 55, 56 e 57 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Considerar comprobado o cumprimento dos requisitos legais para inicio de actividade de explotación gando vacún de leite en parcela con referencia catastral 15010A506001440001KG do lugar de Liñeiro da parroquia de Ánxles a D. José Luís López Garea ao considerar completa a documentación presentada, debendo axustarse en todo momento ás medidas correctoras recollidas na documentación aportada.

SEGUNDO.- O titular do título habilitante da autorización está obrigado a informar ao Concello de calquer cambio relativo ás condicións da licenza e ás características ou funcionamento da actividade.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación tributaria en concepto de taxa por inicio de actividade de conformidade co establecido no artigo 6º da Ordenanza fiscal nº 5, reguladora da taxa pola licenza



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

de apertura de establecementos:

Base imponible a razón de superficie do establecemento en m² de local: 274,50 m²

Tipo de solo: núcleo rural

Tarifa: 1,00 €uros/m².

Importe: 274,50 €uros

CUARTO.- A presente acordo queda condicionado ao pago da correspondente taxa sin cuio requisito non terá validez nin efecto.

QUINTO.- Notificar o presente acordo a D. José Luís López García indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

9.- LICENZA DE EDIFICACIÓN PROXECTO EXPLOTACIÓN DE GALIÑAS POÑEDORAS ECOLÓXICAS NO LUGAR DE VILAR (SENDELLE)

Visto o expediente da solicitude de licenza urbanística de obra (OB-001), tramitado a instancia de D. Ángel Baqueiro Meijide con DNI nº 36148932Q e con domicilio a efectos de notificacións en Lg. Sobreira nº 2, Boimorto, 15817 Boimorto, en representación de Gandería Baqueiro Castro, S.L., con CIF nº B70521125, solicitude con rexistro de entrada no concello co nº 128 en data 22/01/2018, para realizar as obras de construción de explotación de galiñas poñedoras ecolóxicas no lugar de Vilar, parroquia de Sendelle, nunha parcela, resultante da agrupación de dúas fincas, con dúas referencias catastrais 15010A503102250000JY e 15010A503002240000JI consonte ao proxecto achegado coa solicitude, redactado por D. Eladio López Montes, colexiado nº 395, do colexio de enxeñeiros técnicos agrícolas de Lugo, visado dixitalmente co número 520; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria e solo rústico de protección de infraestruturas, xa que a parcela linda coa estrada provincial DP-0602, si ben, as obras se localizan fora da súa zona de afección.

Visto que no expediente consta autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emitido en data 3/10/2017, expediente número 2017/1298 CNC).

Visto que no expediente consta autorización da xefatura territorial da Consellería do Medio Rural emitido en data 13 de setembro de 2017, sen condicións, con rexistro de entrada no Concello co número 2131 de 19/09/2017

Visto que no expediente consta declaración de incidencia ambiental favorable á realización da actividade de GALIÑAS POÑEDORAS ECOLÓXICAS, conforme aos documentos "Proxecto explotación de galiñas poñedoras ecolóxicas", de data agosto de 2017, asinado por Eladio López Montes, co n.º de visado 520 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de Lugo e a "Anexo a proxecto: memoria ambiental de nave para explotación de galiñas poñedoras ecolóxicas" de data setembro de 2017, asinado por Eladio López Montes e sen visar, no lugar de Vilar – Sendelle, (expediente CO/2017/073 (BMV)) con rexistro de entrada do concello co número 118 de 22 de xaneiro de 2018.

Visto que con rexistro de entrada no Concello número 428 de 7 de marzo de 2018, D. Ángel Baqueiro Meijide presenta anexo a proxecto e anexo a proxecto: memoria ambiental, redactados ambos polo mesmo técnico e escritura de agrupación de fincas



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Visto que con rexistro de entrada no Concello número 502 de 14 de marzo de 2018, D. Ángel Baqueiro Meijide presenta compromiso de execución dos servizos e inscrición no rexistro da propiedade, autorización dos propietarios da finca e aclaracións ao proxecto.

Consta no expediente o documento de nomeamento de Dirección de Obra a nome de D. Eladio López Montes, enxeñeiro técnico agrícola, colexiado nº 395.

Visto o informe técnico favorable de outorgamento de licenza dos servizos técnicos municipais asinado por D. Manuel Carro López emitido en data 27 de marzo de 2018.

Visto o informe de secretaría de data 02/04/2018 e advertencias contidas nel.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de edificación a D. Ángel Baqueiro Meijide, en representación de Ganadería Baqueiro Castro, S.L. para executar as obras de construción de explotación de galiñas poñedoras ecolóxicas no lugar de Vilar, parroquia de Sendelle (solo rústico de protección agropecuaria), conforme á solicitude e documentación indicada nos considerandos deste acordo, sendo o director da obra D. Eladio López Montes.

SEGUNDO.- Someter a licenza de edificación ás seguintes condicións:

- Outórgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais e baixo os condicionantes sinalados na declaración de incidencia ambiental de data 11/01/2018 (expediente CO/2017/073 (BMV)), que consta no expediente e se indica nos considerandos deste acordo.
- Darase cumprimento á resolución do 3/10/2017 da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural sobre unha intervención no Camiño de Santiago (expediente 2017/1298 CNC), establecendo no seu apartado de antecedentes e consideracións técnicas o seguinte condicionante *"tanto as fachadas como a carpintería de aluminio serán en cor branco, e cuberta de paneis de chapa metálica segundo a tipoloxía da zona (roxo ou verde)."*
- Condicionantes sinalados nos informes técnicos e xurídicos indicados nos considerandos deste acordo.
- As obras a realizar consistirán na construción de:
 - Unha nave cunha superficie útil de 4.369 m², composta por:
 - Zona destinada a alimentación e posta de galiñas.
 - Zona de control.
 - Zona de recollida de ovos.
 - Aseo e vestiario.
 - Almacén de utensilios.
 - Oficinas.
 - Deberá constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie exixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica.
- As distancias que deben cumprir os cerramentos e a liña de edificación será o regulado no artigo 43.3 do PXOM.
- De conformidade co disposto no artigo 357.6 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispoñer, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente e tamén serán aplicables os artigos 47, 48, 49, 50 e 51 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014.

- En relación a vixencia, caducidade, extinción da licenza e inicio das obras serán aplicables os artigos 42, 43, 44 e 46 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014 así como o artigo 145 da Lei 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 359 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

TERCEIRO.- Informarlle ao interesado que unha vez realizadas as obras para as que se lle concede licenza de obra e antes da posta en funcionamento da actividade, a mesma estaría sometida a comunicación previa, polo que deberá tramitála segundo o disposto no artigo 36 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014, utilizando o modelo CP-001. Ademais presentárase o informe a que fai referencia o artigo 11 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, ou ben, xustificárase o establecido no punto 3 do mesmo artigo.

CUARTO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe do técnico: 1.035.643,17 €uros.

Liquidación: 20.692,86 €uros.

QUINTO.- Notificar este acordo a D. Ángel Baqueiro Meijide indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

10.- LICENZA DE EDIFICACIÓN AMPLIACIÓN DUNHA EXPLOTACIÓN DE VACÚN DE LEITE PROXECTO DE ALMACÉN, SILOS, SALA DE ORDEÑO, FOSAS DE XURRO E AMPLIACIÓN DE CORTE NO LUGAR DE SOBREIRA (BOIMORTO)

Pola secretaria dáse conta que na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local de data 27/10/2017 acordou denegar a solicitude de licenza urbanística tramitada a instancia de D. Ángel Baqueiro Meijide, en representación de La Sobreira SAT nº 1062 Xuga presentada en data 31/03/2016 con rexistro de entrada no concello co número 633 para o proxecto "Almacén, silos, sala de ordeño, fosas de purín y ampliación de establo para explotación de vacuno lechero" no lugar de Sobreira, parroquia de Boimorto, na parcela número 134 do polígono catastral 22 (Referencia catastral: 15010A022001340000KO) consonte ao proxecto achegado coa solicitude, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Eladio López Montes, colexiado nº 395, visado polo colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas de Lugo co número 317 e a anexo I a proxecto, anexo II a proxecto e anexo a proxecto Memoria Ambiental; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria por non contar coa declaración de avaliación de incidencia ambiental.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Visto que con data 22/01/2018 con rexistro de entrada número 119 tivo entrada a resolución da Xefatura territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Servizo de calidade e Avaliación Ambiental, sobre declaración de incidencia ambiental da actividade de almacén, silos, sala de ordeño, fosas de purín e ampliación de establo explotación vacún leiteiro no lugar de Sobreira-Boimorto conforme ao documento "Proxecto de almacén, silos, sala de ordeño, fosas de xurro e ampliación de corte para explotación de vacún leiteiro" de data marzo 2016, asinado por Eladio López Montes co nº de visado 317 (23-03-2016) do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de Lugo e a Anexo a Proxecto e Memoria Ambiental, asinados e visados (317/2016).

Visto que con data 07/03/2018 con rexistro de entrada número 429 presenta nova solicitude de licenza urbanística de obra (OB-001) para o mesmo proxecto "Almacén, silos, sala de ordeño, fosas de purín y ampliación de establo para explotación de vacuno lechero" no lugar de Sobreira, parroquia de Boimorto, do que xa obra a documentación no expediente antedito.

Visto que no expediente consta autorización da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural emitido en data 18 de outubro de 2016 con rexistro de entrada no concello co número 2374 de 20 de outubro de 2016

Con data 15/03/2018, rexistro de entrada número 503, D. Ángel Baqueiro Meijide, presentou no concello escrito de aclaracións ao proxecto.

Consta no expediente o documento de nomeamento de Dirección de Obra a nome de D. Eladio López Montes, enxeñeiro técnico agrícola, colexiado nº 395 visado o 6 de outubro de 2016 polo Colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas de Lugo co número 848.

Visto o informe técnico favorable de outorgamento de licenza dos servizos técnicos municipais asinado por D. Manuel Carro López emitido en data 27 de marzo de 2018.

Visto o informe de secretaría de data 02/04/2018 e advertencias contidas nel.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de edificación a D. Ángel Baqueiro Meijide D. Ángel Baqueiro Meijide, en representación de La Sobreira SAT nº 1062 Xuga, para executar as obras de construción de almacén, silos, sala de ordeño, fosas de xurro e ampliación de corte para explotación de vacún leiteiro no lugar de Sobreira, parroquia de Boimorto (solo rústico de protección agropecuaria), conforme á solicitude e documentación indicada nos considerandos deste acordo, sendo o director da obra D. Eladio López Montes.

SEGUNDO.- Someter a licenza de edificación ás seguintes condicións:

- Outórgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais e baixo os condicionantes sinalados na declaración de incidencia ambiental de data 12/01/2018 (expediente CO/2017/081 (BMV)), que consta no expediente e se indica nos considerandos deste acordo.
- Condicionantes sinalados nos informes técnicos e xurídicos indicados nos considerandos deste acordo.
- As obras a realizar consistirán na construción de:
 - Ampliación da corte en 372 m² (31 x 12 m)
 - Almacén de 600 m² (25 x 24 m)
 - Sala de muxido, sala de espera, leitería e oficina de 400 m² (35 x 12 m)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

- Fosa de xurro de 186,75 m² (16,6 x 11,25 m) e 4,20 m de profundidade.
- Fosa de xurro de 135 m² (12 x 11,25 m) e 4,20 m de profundidade.
- Cuberta para fosa de xurro actual de 170,33 m² (15,14 x 11,25 m)
- Silos forraxeiros de 1.000 m² e 3 m de altura.

- Deberá constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie exixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica.

- As distancias que deben cumprir os cerramentos e a liña de edificación será o regulado no artigo 43.3 do PXOM.

- De conformidade co disposto no artigo 357.6 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispoñer, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente e tamén serán aplicables os artigos 47, 48, 49, 50 e 51 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014.

- En relación a vixencia, caducidade, extinción da licenza e inicio das obras serán aplicables os artigos 42, 43, 44 e 46 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014 así como o artigo 145 da Lei 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 359 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

TERCEIRO.- Informarlle ao interesado que unha vez realizadas as obras para as que se lle concede licenza de obra e antes da posta en funcionamento da actividade, a mesma estaría sometida a comunicación previa, polo que deberá tramitala segundo o disposto no artigo 36 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014, utilizando o modelo CP-001. Ademais presentarse o informe a que fai referencia o artigo 11 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, ou ben, xustificarase o establecido no punto 3 do mesmo artigo.

CUARTO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe do técnico: 459.166,50 €uros.

Liquidación: 9.183,33 €uros.

QUINTO.- Notificar este acordo a D. Ángel Baqueiro Meijide indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

11.- MODIFICACIÓNS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO PRESENTE MES DE MARZO 2018

Pola secretaria dáse conta do informe emitido pola traballadora social, Dna. María Esther Vidal Pandelo de 27/03/2018 en relación coas modificacións producidas no servizo de axuda no fogar



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

no período comprendido entre o 21/02/2018 e o 27/03/2018 e que se transcribe literalmente:

<<María Esther Vidal Pandelo, traballadora social dos servizos sociais de atención primaria do Concello de Boimorto, nº de colexiada 1397

INFORMO:

1º.- Que causou baixa no servizo de axuda no fogar por libre concorrencia por pasar a ser atendida por dependencia Dna. Ascensión Fandiño López.

2º.- Que a lista de usuarios do servizo de axuda no fogar por libre concorrencia queda tal e como se transcribe literalmente no mes de abril:

CRITERIOS DE VALORACIÓN					
USUARIOS DE SAF LIBRE CONCORRECIA	Autonomía persoal	Apoio social	Situación familiar/ socialiación de menores	Outros aspectos sociais	Total puntuación
Josefa Ansede López Lg. Fontiñas (As), 2 , Andabao, Boimorto	32 puntos	6 puntos	0 puntos	5 puntos	44 puntos
Dolores Novo Gao Lg. Canto do Balo, Arceo, Boimorto	32 puntos	3 puntos	0 puntos	4 puntos	39 puntos
María Lodeiro Pintor Lg Zaín, Rodieiros, Boimorto	20 puntos	18 puntos	0 puntos	1 puntos	39 puntos
María Vila Platas Lg Piñeiro, Cardeiro, Boimorto	30 puntos	3 puntos	0 puntos	2 puntos	35 puntos
Manuel Casal Espiñeira Lg Arosa, Arceo, Boimorto	30 puntos	5 puntos	0 puntos	0 puntos	35 puntos
Dolores Seoane Seoane Lg Arosa, Arceo, Boimorto	34 puntos	6 puntos	0 puntos	5 puntos	35 puntos
Concepción Graña Sánchez Lg Ponte Boado, Arceo	20 puntos	6 puntos	3 puntos	4 puntos	33 puntos
Antonio Gómez León Lg Quiñoy- Rodieiros, Boimorto	10 puntos	18 puntos	0 puntos	4 puntos	32 puntos
Lucía Esther Mejuto García Lg Algalia, Dorneá	24 puntos	6 puntos	0 puntos	2 puntos	32 puntos
Benigno López Vázquez Lg Viladóniga, Boimorto	10 puntos	18 puntos	0 puntos	0 puntos	28 puntos
Mercedes Ramos Castro Rúa Gándara, Boimorto	24 puntos	3 puntos	0 puntos	1 punto	28 puntos
Ramona García Piñeiro Lg Torre, Andabao, Boimorto	20 puntos	3 puntos	0 puntos	1 puntos	24 puntos
Faustino Rico Rey Lg Outeiro, Boimorto	20 puntos	3 puntos	0 puntos	0 puntos	23 puntos
Mª Josefa Mejuto Taboada	10 puntos	6 puntos	0 puntos	4 puntos	20 puntos



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Lg Arentía, Andabao, Boimorto					
Concepción Peteiro Balado Lg Aquelavila, Buazo, Boimorto	10 puntos	3 puntos	0 puntos	5 puntos	18 puntos
Gumersinda Castro Souto Lg Outeiro, Boimorto	5 puntos	9 puntos	0 puntos	4 puntos	18 puntos
Mª del Carmen Rúa Rodríguez Lg Outeiro, Corneda, Boimorto	5 puntos	3 puntos	0 puntos	4 puntos	12 puntos

3º.- Que existen as seguintes variacións na lista de usuarios do servizo de axuda no fogar por dependencia: baixa no mesmo de Leonardo Coteló Felpete por pasar a ser usuario dun centro de día en A Coruña con data 8/03/2018; aumento de horas de Josefa García Lodeiro por pasar a ser atendida de 33 a 45 horas e por iniciar o servizo de axuda no fogar por dependencia Ascensión Fandiño López por un total de 22 horas mensuais.

4º.- Que a lista de usuarios do servizo de axuda no fogar por dependencia queda tal e como se transcribe literalmente no mes de abril:

DEPENDENTES	
USUARIOS DEPENDENTES	GRADOS E HORAS CONCEDIDAS E EFECTIVAMENTE PRESTADAS
Carmen Segade Taboada Lg Campo da Lanza, Os Anxeles, Boimorto	Grado II nivel 1, 40 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Josefa García Seoane Lg Casás, Andabao	Grado III, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Juan Manuel Fernández Paz Lg. Arosa, 35 – Arceo, Boimorto	Grado II, 45 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas.
Josefa Vázquez Espiñeira Lg. Bertomil núm. 4 - Brates	Grao II, 45 horas mensuais concedidas e só 31 efectivamente prestadas a petición da interesada.
Flora Mato Lorenzo Lg. Piñeiro – Sendelle	Grao II, 45 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas.
María Segade Mella R/ Camiño de Cheda núm. 4 - Boimorto	Grao I, máximo 20 horas concedidas e efectivamente prestadas.
María Remedios Castro Novo Lg. Lobomorto - Arceo	Grao I, máximo 20 horas concedidas e efectivamente prestadas.
Teresa Agra Pampin R/ Gándara nº 52 1º - Boimorto	Grao III, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas.
Andrés García Balado Lg. Aquelavila núm. 12, Buazo, Boimorto	Grao III, 70 horas concedidas e só 60 efectivamente prestadas a petición do interesado.
José Casal Mato Lg. Piñeiro, Sendelle, Boimorto	Grao I. 20 horas concedidas e efectivamente prestadas
Emilia Enjamio Rodríguez Lg. Corredoiras - Ánxeles	Grao I, 20 horas concedidas e efectivamente prestadas.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Concepción Lodeiro Rodríguez Rúa Roda núm. 8, Boimorto	Grao III, 70 horas concedidas e efectivamente prestadas
Jesús Barreiro Nouche Lg. Espiñeiro núm. 10, Boimorto	Grao I, 20 horas concedidas e só 16 efectivamente prestadas
Aurora Novo Andrade Lg. Coto Salgueiro núm. 11 – Ánxeles	Grao II, 45 horas concedidas e efectivamente prestadas
Jesús Cacharrón Portos Lg. Vilanova núm. 3 – Sendelle	Grao I, 20 horas concedidas e efectivamente prestadas
Carmen García Taboada Lg Vilanova, Sendelle	Grao II, 45 horas concedidas e efectivamente prestadas
Mª del Carmen García García Lg Franzomil, Sendelle	Grao II, 45 horas concedidas e só 33 efectivamente prestadas a petición da interesada
Carmen Mejuto Rúa Lg Carretera, Comeda	Grao II, 45 horas concedidas e efectivamente prestadas
José Filloy Veiga Lg Souto, Andabao	Grao II, 45 horas concedidas e efectivamente prestadas
Carmen Paz Astray Lg Arosa, Arceo	Grao II, 45 horas concedidas e efectivamente prestadas.
María Mato Méndez Lg Outeiro, Boimorto	Grao I, 20 horas concedidas e efectivamente prestadas.
Sabina Vilariño Verea Lg Canto do Balo, Arceo	Grao I, 20 horas concedidas e efectivamente prestadas.
Josefa García Lodeiro Lg Corredoiras, Os Anxeles	Grao II, 45 horas concedidas e efectivamente prestadas.
Mª Carmen García Ramos Rúa Gándara, Boimorto	Grao III, 70 horas concedidas e efectivamente prestadas

5º.- Que a lista de espera do servizo de axuda no fogar quedaría tal e como segue a continuación á data de 27 de marzo de 2018

- 1º.- Josefina Paredes García, 36 puntos
- 2º.- Mercedes García Tojo, 34 puntos
- 3º.- Luís López Taboada, 33 puntos.
- 4º.- Avelino Vázquez Senín, 33 puntos.
- 5º.- Antonio Gómez León, 32 puntos.
- 6º.- Jorge Sánchez Sánchez, 32 puntos.
- 7º.- Asunción Enjamio García, 31 puntos.
- 8º.- Jesús Felpete García, 31 puntos
- 9º.- Ricardo Castro Novo, 30 puntos.
- 10º.- Luís Taboada Labandeira, 29 puntos.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

- 11º.- Benigno López Vázquez, 28 puntos.
- 12º.- Mercedes Ramos Castro, 28 puntos.
- 13º.- Herminda García López, 28 puntos.
- 14º.- Nieves Veiga Sánchez, 27 puntos.
- 15º.- Herminia Tojo Mato, 26 puntos.
- 16º.- Elisa María Bao Castro, 25 puntos.
- 17.- Pilar Monterroso López, 25 puntos.
- 18º.- Josefa Quintela Abad, 24 puntos.
- 19º.- María Vázquez Taboada, 17 puntos
- 20º.-.Celia Fuentes Costoya, 17 puntos
- 21º.- Jesusa Costoya Mosquera, 15 puntos
- 22.- Mª Manuela Aguión Garea, 15 puntos

Boimorto, 27 de marzo de 2018

Asdo.- María Esther Vidal Pandelo
Traballadora Social>>

Os membros da Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDAN:**

PRIMEIRO.- Darse por informados do contido do informe emitido pola traballadora social con data 27/03/2018.

SEGUNDO.- Aprobar a liista de usuarios aos que se lles está prestando o servizo de axuda a domicilio de libre concorrencia e dependentes mencionado nos considerandos deste acordo.

TERCEIRO.- Aprobar e facer pública a lista de espera no servizo de axuda a domicilio de libre concorrencia no taboleiro de anuncios do Concello, ordenada por puntuación obtida na valoración da solicitude:

- 1º.- Josefina Paredes García, 36 puntos
- 2º.- Mercedes García Tojo, 34 puntos
- 3º.- Luís López Taboada, 33 puntos.
- 4º.- Avelino Vázquez Senín, 33 puntos.
- 5º.- Antonio Gómez León, 32 puntos.
- 6º.- Jorge Sánchez Sánchez, 32 puntos.
- 7º.- Asunción Enjamio García, 31 puntos.
- 8º.- Jesús Felpe García, 31 puntos
- 9º.- Ricardo Castro Novo, 30 puntos.
- 10º.- Luís Taboada Labandeira, 29 puntos.
- 11º.- Benigno López Vázquez, 28 puntos.
- 12º.- Mercedes Ramos Castro, 28 puntos.
- 13º.- Herminda García López, 28 puntos.
- 14º.- Nieves Veiga Sánchez, 27 puntos.
- 15º.- Herminia Tojo Mato, 26 puntos.
- 16º.- Elisa María Bao Castro, 25 puntos.
- 17.- Pilar Monterroso López, 25 puntos.
- 18º.- Josefa Quintela Abad, 24 puntos.
- 19º.- María Vázquez Taboada, 17 puntos
- 20º.-.Celia Fuentes Costoya, 17 puntos



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

21º.- Jesusa Costoya Mosquera, 15 puntos

22.- Mª Manuela Aguión Garea, 15 puntos

12.- SOLICITUDES SERVIZO DE FISIOTERAPIA E PODOLOXÍA

